



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE A LAMA E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS RELACIONADAS CO MEDIO AMBIENTE NA CONTORNA DO CONCELLO

Dunha parte, **Don Jorge Canda Martínez** con DNI núm. 35256744K, **na súa condición de Alcalde- Presidente** do excelentísimo Concello de A Lama (Pontevedra).

Doutra parte, **Don Javier Domínguez Lino** con DNI núm. 35311596-H, **na súa condición de Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.** (en adiante SOGAMA) con CIF núm. A15379803, actuando en representación da sociedade mercantil pública segundo o acordo do Consello de Administración de 15 de febreiro do 2015.

As partes comparecentes recoñécense plena capacidade para o outorgamento do presente convenio de cooperación, e na súa virtude

EXPOÑEN

1. Que, ao abeiro do establecido no artigo 25 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, SOGAMA ten asignada a función de xestión dos residuos urbanos a partir do momento no que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos.

2. Que o concello de A Lama e Sogama, veñen colaborando dende o ano 2005 na prestación do servizo de xestión de residuos, acollendo o Concello as instalacións integradas no punto limpo da localidade dunha microplanta de transferencia de residuos.
3. Que dita microplanta ubicada no concello de A Lama e operada conxuntamente co punto limpo polo seu persoal, presta servizo tamén aos concellos limítrofes. Non obstante, as microplantas, polo seu deseño, non teñen moita capacidade, o que unido a posibles avarias ou atascos, produce algunhas indispoñibilidades.
4. Conscientes disto e coa firme decisión de prestar o mellor servizo posible, Sogama prantexou ao concello de A Lama, a posibilidade de construír unha instalación de transferencia fixa, totalmente operada por Sogama, e desligándoos do punto limpo, para o cal é necesario que o concello ceda en uso os terreos necesarios.
5. Conscientes tamén da xenerosidade que esta cesión supón respecto aos demais concellos usuarios das instalacións, no senso de unha maior calidade na prestación do servizo de transferencia e xestión de residuos, Sogama estima necesario colaborar co concello de A Lama na financiación de proxectos de interese público, como é a mellora das comunicación viarias, o que redunda nunha mellora do servizo de transporte de residuos que realiza Sogama dende a planta de transferencia ata o Complexo Medioambiental de Cerceda.

Neste contexto, é necesario subliñar que a mellora do tráfico do Concello contribúe de forma directa na mellora do medioambiente, ao supor unha proporcional diminución das emisión dos vehículos.

6. Así pois, o concello de A Lama, solicitou a Sogama a colaboración para a execución das obras de mellora de varios camiños municipais, segundo proxectos técnicos elaborados polo enxeñeiro industrial D. David Pujales Lorenzo.

Polo exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración conforme coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto regula-la colaboración entre o concello de A Lama e SOGAMA para a contribuír a financiación das obras de mellora e pavimentación de camiños municipais, segundo proxectos técnicos elaborados polo enxeñeiro industrial D. David Pujales Lorenzo, obras que constitúen un servizo publico a poboación do concello no que se implanta a instalación de xestión de residuos titularidade de Sogama, e que terán incidencia directa na mellora do tráfico e, polo tanto, na redución de emisións contaminantes.

Segunda.- Obrigas das partes

O concello de a Lama, vista a utilidade pública das obras obxecto do convenio, comprométese a licitación e execución das obras conforme aos proxectos presentados seguintes:

Ensanche de camiño en Antas por importe de 52.548,54 €

Ensanche de camino en Barcia do Seixo por importe de 47.581,27 €.



Pavimentación con mezcla bituminosa en caliente de camino en Liñares, Xesta, por importe de 30.559,79 €

Pavimentación en hormigón de caminos en Liñares y O Aredo, Xesta, por importe de 19.310,30 €.

Sogama comprométese a financiar as obras ata un máximo de 150.000 euros (impostos engadidos), que serán aboados conforme o concello presente a Sociedade certificacións de obra debidamente conformadas ate o importe anterior.

O Concello comprométese a emitir a documentación necesaria de acordo ca lexislación vixente, para que SOGAMA poda acollerse aos beneficios fiscais que correspondan cas aportacións, de acordo co réxime fiscal aplicable.

O pagamento destas cantidades realizarase no prazo máximo de trinta días a partir da emisión da correspondente factura polo Concello de Lama.

Na realización das prestacións previstas no presente convenio, as partes observarán tódalas esixencias medioambientais contidas na lexislación e as esixidas pola autoridade medioambiental competente.

Terceira.- Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control.

Constitúese unha comisión de seguimento, vixilancia e control, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante do Concello de A Lama un representante de SOGAMA, designados polo órgano competente de cada entidade.

O funcionamento desta comisión axustarase ao disposto para os órganos colexiados establecidas na Sección 3 do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

En particular, corresponderanlle as seguintes funcións:

1. Estudar e propoñe-las modificacións ou adicións ao presente convenio que se estimen oportunas
2. Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen prexuízo da posibilidade de que as partes presenten os correspondentes recursos impugnando os actos que dite a comisión no exercicio desta función
3. Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.

Cuarta. Vixencia do convenio

O presente convenio terá unha vixencia de 1 ano dende a súa sinatura, debendo estar rematadas as obras obxecto do convenio nese prazo.

Quinta.- Beneficios fiscais da Lei 49/2002

Dado que o Concello é una entidade beneficiaria do mecenazgo de conformidade co disposto no artigo 16 da Lei 49/2002 resultan de aplicación os incentivos fiscais previstos na mesma.

Así, o Concello comprométese a difundir a participación de SOGAMA como entidade colaboradora nas obras de execución das obras de mellora de camiños municipais, sendo dichas obras de interese xeral, de conformidade co previsto no artigo 25 da mencionada Ley 49/2002.

Con este fin, SOGAMA autoriza ao Concello para a utilización do seu logotipo para os fines anteriormente mencionados, aparecendo en cantas publicacións e actos promocionáis realice o Concello en relación con ditas obras de mellora.

Así mesmo, o Concello comprométese a entregar a documentación xustificativa da publicidade da aportación de SOGAMA e a emitir una certificación co importe e a fecha da aportación efectuada, indicando o seu carácter irrevogable.

Sexta.- Modificación, denuncia e resolución do convenio

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

Así mesmo, serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a. As establecidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público
- b. A denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses.
- c. Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Nestes supostos a entidade interesada en resolve-lo convenio porá en coñecemento da

comisión de seguimento, vixilancia e control a existencia de dita causa de resolución e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convoca-la, e deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda, contra o que caberá o exercicio das accións legalmente previstas no ordenamento xurídico.

Unha vez resolto o convenio este entrará en fase de liquidación que formulará a comisión de seguimento, vixilancia e control, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O acordo de liquidación será susceptible de revisión de conformidade coa lexislación vixente.

O pago das obrigas derivadas da dita liquidación poderá reclamárselle a entidade que se considere responsable e deberá ser aboada nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Contra o rexeitamento expreso ou tácito poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

Sétima.- Relación Laboral

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e SOGAMA, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento do mesmo.

Oitava.- Publicidade

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Novena.- Convenios anteriores

Tanto o Concello de A Lama como SOGAMA renuncian expresamente a calquera reclamación ou acción administrativa ou xudicial que lles puidese corresponder con respecto aos convenios anteriores asinados polas partes en relación coa microplanta de transferencia.

Décima.- Natureza xurídica. Xurisdición competente

O presente convenio constitúe un negocio xurídico excluído do ámbito subxectivo da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. A súa natureza é a dun convenio de carácter administrativo de colaboración no marco do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, entre unha administración pública e unha sociedade mercantil pública encargada da xestión do dito plan. En consecuencia, correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativo a resolución das cuestións relativas á súa validez, interpretación, execución, efectos e extinción.



E, en proba de conformidade, asinan o presente documento en Cerceda,
en duplicado exemplar.

POR SOGAMA

POLO CONCELLO DE A LAMA

Javier Domínguez Lino

Jorge Canda Martínez